

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2020/2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CBELE01	Electricidade electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3011	Comunicación e Sociedade I	2020/2021	7	206	245
MP3011_13	Comunicación en linguas galega e castelá I	2020/2021	7	88	105
MP3011_23	Comunicación en lingua inglesa I	2020/2021	7	59	70
MP3011_33	Sociedade I	2020/2021	7	59	70

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CARMEN SAMPEDRO MIRANDA,SARA CASTRO QUINTAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo contribúe a alcanzar as competencias para a aprendizaxe permanente e contén a formación para que o alumnado sexa capaz de recoñecer as características básicas dos fenómenos relacionados coa actividade humana e mellorar as súas habilidades comunicativas. A materia será adaptada segundo as necesidades educativas específicas do alumnado.

A estratexia de aprendizaxe para o ensino deste módulo, que integra coñecementos básicos relativos a ciencias sociais, lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, e lingua inglesa, estará enfocada ao uso de ferramentas básicas da análise textual, á elaboración de información estruturada oral e escrita, á localización espacio-temporal dos fenómenos sociais e culturais, ao respecto pola diversidade de crenzas e ás pautas de relación cotiá en distintas sociedades e grupos humanos, involucrando o alumnado en tarefas significativas que lle permitan traballar de xeito autónomo e en equipo.

Para facilitar a organización dos contidos, este módulo divídese en tres unidades formativas: Comunicación en linguas galega e castelá I, Comunicación en lingua inglesa I, e Sociedade I.

A lingua galega e literatura, e a lingua castelá e literatura abórdanse desde un enfoque comunicativo que xustifica o seu tratamento integrado nunha única unidade formativa. En calquera caso, de acordo coa lexislación vixente, no proceso de ensino e aprendizaxe débense usar ambas as linguas nas destrezas de comprensión e de produción para que o alumnado finalice esta formación sendo competente nas dúas.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo estarán orientadas a:

- Concreción dun plan personalizado de formación que teña como obxectivo lograr a integración do alumnado nas situacións de aprendizaxe propostas, mediante a aplicación de estratexias motivadoras.
- Potenciación da autonomía na execución das actividades e na xestión do seu tempo de aprendizaxe, no ámbito das competencias e dos contidos do ámbito sociolingüístico.
- Realización de dinámicas sobre o desenvolvemento de habilidades sociais que favorezan o asentamento de hábitos de disciplina e de traballo individual e en equipo.
- Uso de estratexias, recursos e fontes de información ao seu alcance, fomentando o uso das TIC, que contribúan á reflexión sobre a valoración da información necesaria para construír explicacións estruturadas da realidade.-¿ Uso de métodos globalizadores (proxectos, centros de interese, etc.) que permitan a integración do alumnado nas actividades de aprendizaxe, concretado nunha metodoloxía de traballo que os relacione coa actualidade.
- Programación de actividades que se relacionen, sempre que sexa posible, con capacidades que deriven do perfil profesional.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo en relación coa aprendizaxe das linguas están relacionadas con:

- Uso da lingua na interpretación e na elaboración de mensaxes sinxelas orais e escritas, mediante o seu uso en distintos tipos de situacións comunicativas e textuais do contorno do alumnado.
- Uso dun vocabulario adecuado ás situacións do seu contorno, que orientará a concreción dos contidos, das actividades e dos exemplos utilizados no módulo.
- Selección e execución de estratexias didácticas que faciliten a autoaprendizaxe e que incorporen o uso da lingua en situacións de comunicación máis reais posible, utilizando as posibilidades das tecnoloxía da información e da comunicación (correo electrónico, SMS, internet, redes sociais, etc.).
- Uso das técnicas de comunicación para potenciar o traballo en equipo que permita a integración do alumnado nas actividades educativas con garantía de éxito.
- Apreciación da variedade cultural e de costumes presentes no contorno do alumnado, en relación coas necesidades derivadas do uso da lingua con distintos falantes.
- Desenvolvemento de hábitos de lectura que permitan a satisfacción coa produción literaria mediante o uso de textos seleccionados acordes ás súas necesidades e características.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo en relación coas ciencias sociais están relacionadas con:

- Integración motivadora de saberes que permitan ao alumnado analizar e valorar a diversidade das sociedades humanas.

- Utilización de recursos e fontes de información ao seu alcance para organizar a información que extraia, para favorecer a súa integración no traballo educativo.
- Recoñecemento da pegada do pasado na vida diaria mediante a apreciación da diversidade dos grupos humanos e os seus logros ao longo do tempo.
- Valoración dos problemas do contorno do alumnado a partir da análise da información dispoñible e da formulación de explicacións xustificadas e a reflexión sobre a súa actuación ante estas, en situacións de aprendizaxe pautadas.
- Potenciación das capacidades de observación e criterios para a satisfacción coas expresións artísticas mediante a análise pautada de producións artísticas arquetípicas, apreciando os seus valores estéticos e temáticos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					Resultados de aprendizaxe			Resultados de aprendizaxe		
					301113					301123			301133		
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA1	RA2	RA3	RA1	RA2	
1	Falando enténdese a xente: comprensión e expresión oral.	Nesta UD trabállanse os elementos da comunicación, as unidades da lingua, a morfoloxía da palabra e a formación de palabras, as características e formas da literatura, as regras de acentuación e o uso do dicionario. Ademais trabállase a comprensión e expresión oral.	20	10	X	X									
2	O oficio de escribir: comprensión e expresión escrita.	Nesta UD trabállanse os textos descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos.	35	12	X	X									
3	A formación das linguas galega e castelá.	Nesta UD trabállase a formación das linguas, as etapas da súa historia social e conceptos de sociolingüística.	10	4					X						
4	A literatura castelá ata o século XIX.	Nesta UD trabállanse as distintas etapas da literatura castelá: A Idade Media, o Prerrenacemento, o Século de Ouro e a Ilustración.	20	7		X	X								
5	A literatura galega ata o século XIX.	Nesta UD trabállase a literatura galega medieval, os Séculos Escuros e o Rexurdimento.	20	7		X		X							
6	Where are you from?	Getting to know people.	7	2						X	X	X			
7	Have you got a memory stick?	How to relate to IT world.	7	2						X	X	X			
8	We go by car.	Getting acquainted with means of transport.	7	3						X	X	X			
9	Life long learning.	Working in teams	9	3						X	X	X			
10	What do you do?	People's lifestyle.	7	3						X	X	X			
11	What are you doing?	Temporary facts.	7	3						X	X	X			
12	Where was the hotel?	Getting to know people's past (I).	8	4						X	X	X			
13	Lifelong learning.	Projects in teams.	9	5						X	X	X			
14	Where did you go?	Getting to know people's past (II).	9	5						X	X	X			
15	As paisaxes naturais.	Nesta UD trabállase a Terra, os continentes, as formas de relevo, os climas e paisaxes naturais da Terra, de España e de Galicia e mais a demografía	12	6									X	X	
16	A prehistoria.	Nesta UD trabállase a liña do tempo, as etapas da prehistoria e a arte na prehistoria	13	6									X	X	
17	O Mundo Antigo: o xurdimento das cidades.	Nesta UD trabállase as culturas clásicas grega e romana.	15	6									X	X	
18	A Idade Media.	Nesta UD trabállase o feudalismo, os estamentos sociais, a creación do espazo europeo no medievo, a arte románica e gótica.	15	6									X	X	
19	A Idade Moderna.	Nesta UD trabállase a formación dos estados autoritarios, o descubrimento de América, e Europa das monarquías absolutas e a arte na época.	15	6									X	X	
Total:			245												

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Falando enténdese a xente: comprensión e expresión oral.	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas	SI
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Aprender a escoitar con atención, usar as normas de cortesía e valorar os aspectos prosódicos 1.2 Comprender o sentido global e identificar a intención comunicativa do texto oral. 1.3 Distinguir as ideas principais e secundarias, elaborar o resumo e o esquema das ideas. 1.4 Analizar a estrutura de textos orais procedentes dos medios de comunicación de actualidade e identificar as súas características principais	1	Utilizar estratexias comunicativas para comprender información oral en galego e en castelán.	10,0
2.1 Participar con fluidez nas intervencións orais espontáneas. 2.2 Planificar o discurso oral (borrador, guión...) 2.3 Producir discursos breves, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal e social da vida cotiá e educativa, aplicando, coa axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. 2.4 Realizar un bo uso dos elementos de comunicación non verbal nas exposicións orais diante dos compañeiros.	2	Falar en público.	10,0
TOTAL			20

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Analízase a estrutura de textos orais procedentes dos medios de comunicación de actualidade e identifícanse as súas características principais	● PE.1 - Cuestionario de respostas breves sobre un texto dos medios de comunicación gravado.	S	15
CA1.2 Aplícanse as habilidades básicas para realizar unha escoita activa, identificando o sentido global e os contidos específicos dunha mensaxe oral	● PE.2 - Cuestionario tipo test ou resumo sobre unha gravación	S	25
CA1.3 Realízase un bo uso dos elementos de comunicación non verbal nas argumentacións e nas exposicións	● TO.1 - Lista de comprobación sobre o uso dos elementos de comunicación non verbal en exposicións e debates.	S	25
CA1.4 Analízanse os usos e os niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplícanse na composición de mensaxes orais, e revisáronse e elimináronse os usos discriminatorios, nomeadamente nas relacións de xénero	● TO.2 - Lista de comprobación sobre uso das normas lingüísticas e eliminación de mensaxes discriminatorias na comunicación oral.	S	15
CA1.5 Utilízase a terminoloxía gramatical axeitada na comprensión das actividades gramaticais propostas e na súa resolución	● LC.1 - Ficha de traballo de aula sobre categorías gramaticais	S	10
CA2.7 Utilízase o léxico específico da familia profesional do título	● LC.2 - Ficha de traballo de aula sobre léxico de electricidade e electrónica.	S	10

TOTAL

100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Textos orais.</p> <p>Aplicación de escoita activa na comprensión de textos orais.</p> <p>Pautas para evitar a disrupción en situacións de comunicación oral.</p> <p>Intercambio comunicativo: elementos extralingüísticos da comunicación oral; usos orais informais e formais da lingua; adecuación ao contexto comunicativo.</p> <p>Aplicación das normas lingüísticas na comunicación oral. Organización da frase: estruturas gramaticais básicas en lingua galega e en lingua castelá.</p> <p>Composicións orais: exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade; presentacións orais sinxelas; uso de medios de apoio (medios audiovisuais e TIC).</p> <p>Pautas para a utilización de dicionarios diversos.</p> <p>Léxico específico da familia profesional do título.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>Utilizar estratexias comunicativas para comprender información oral en galego e en castelán. - Aprenderanse e aplicaranse estratexias de comprensión e comunicación oral.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as habilidades básicas para realizar unha escoita activa e comprender o sentido global e os contidos específicos dun texto oral en galego e en castelán. Realizar algunha práctica previa como modelo. Explicación das regras de acentuación das dúas linguas e o til diacrítico. 	<ul style="list-style-type: none"> Resumir por escrito o contido global de textos orais nas dúas linguas usando correctamente as regras de acentuación. Práctica con cuestionarios de respostas breves ou tipo test sobre contidos específicos de textos dos medios de comunicación ou outro tipo de textos gravados. Distinguir as ideas principais e secundarias de textos orais e elaborar un esquema xerarquizado. 	<ul style="list-style-type: none"> Escoita activa e elaboración de resumos, esquemas, que demostren a comprensión global do texto e de contidos específicos. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos do profesor, fotocopias, ordenador, canón e pantalla. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Ficha de traballo de aula sobre léxico de electricidade e electrónica. PE.1 - Cuestionario de respostas breves sobre un texto dos medios de comunicación gravado. PE.2 - Cuestionario tipo test ou resumo sobre unha gravación TO.2 - Lista de comprobación sobre uso das normas lingüísticas e eliminación de mensaxes discriminatorias na comunicación oral. 	10,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Falar en público. - Explicaranse as técnicas básicas para falar en público: dicción clara, a linguaxe non verbal (presentación, posta en escena, xestos, mirada..)	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do profesor sobre os elementos da comunicación oral (verbais e non verbais), a planificación do discurso oral. 	<ul style="list-style-type: none"> Participar con fluidez nas intervencións orais espontáneas nas dúas linguas. Aprender a buscar información na rede sobre calquera tema e a seleccionar a que nos interese para os nosos traballos. Planificar o discurso oral (facer guións, borradores...) organizando a información. Facer en grupos e individualmente exposicións orais nas dúas linguas coherentes e ben organizadas sobre temas de interese persoal e social da vida cotiá e educativa, coa axuda das TIC, e facendo un bo uso dos elementos de comunicación verbal e non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> Exposicións orais nas dúas linguas coherentes e ben organizadas sobre distintos temas, facendo correcto uso da linguaxe verbal e non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos, ordenadores, canón e pantalla. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Ficha de traballo de aula sobre léxico de electricidade e electrónica. TO.1 - Lista de comprobación sobre o uso dos elementos de comunicación non verbal en exposicións e debates. TO.2 - Lista de comprobación sobre uso das normas lingüísticas e eliminación de mensaxes discriminatorias na comunicación oral. 	10,0
TOTAL						20,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O oficio de escribir: comprensión e expresión escrita.	35

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas	NO
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Aplicar técnicas que faciliten a lectura fluída e comprensiva de textos escritos. 1.2 Resumir o contido de textos escritos, extraendo a idea principal, as secundarias e a intención comunicativa. Tamén técnicas de ampliación da información: gráficas, táboas... 1.3 Analizar a estrutura de textos escritos de utilización diaria, recoñecendo os niveis de lingua.	1	Utilizar estratexias comunicativas para interpretar información escrita en lingua galega e castelá.	15,0
2.3 Seguir pautas na elaboración de traballos escritos tendo en conta o contido, o formato e o destinatario. 2.1 Producir, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía con adecuación, coherencia, cohesión. 2.2 Aplicar as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción dos textos, de xeito	2	Utilizar estratexias para comunicar información escrita en lingua galega e castelá.	20,0
TOTAL			35

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Analizáronse os usos e os niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, e revisáronse e elimináronse os usos discriminatorios, nomeadamente nas relacións de xénero	● TO.1 - Lista de comprobación sobre uso das normas lingüísticas e eliminación de mensaxes discriminatorias na comunicación oral.	S	10
CA1.5 Utilizouse a terminoloxía gramatical axeitada na comprensión das actividades gramaticais propostas e na súa resolución	● LC.1 - Ficha de traballo de aula sobre categorías gramaticais	S	5
CA2.1 Valoráronse e analizáronse as características principais dos tipos de textos en relación coa súa idoneidade para o traballo que se desexa realizar e en función da súa finalidade	● OU.1 - Análise de producións textuais	S	10
CA2.2 Utilizáronse diversas ferramentas de procura na comprensión dun texto escrito, aplicando estratexias de reinterpretación de contidos	● TO.2 - Lista de comprobación sobre uso de ferramentas para a comprensión de texto escrito.	S	5
CA2.3 Aplicáronse sistematicamente estratexias de lectura comprensiva na interpretación dos textos, extraendo conclusións para a súa aplicación nas actividades de aprendizaxe e recoñecendo posibles usos discriminatorios desde a perspectiva de xénero	● TO.3 - Lista de comprobación so uso de estratexias de lectura comprensiva	S	5
CA2.4 Resumiuse o contido dun texto escrito, extraendo a idea principal, as secundarias e o propósito comunicativo, e revisáronse e reformuláronse as conclusións obtidas	● PE.1 - Resumos e esquemas numéricos de textos.	S	10
CA2.5 Analizouse a estrutura de textos escritos de utilización diaria, recoñecendo usos e niveis da lingua, e pautas de elaboración	● OU.2 - Análise da produción de textos da vida cotiá.	S	10
CA2.6 Aplicáronse as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción de textos, de xeito que o texto final resulte claro e preciso	● OU.3 - Análise de producións de textos.	S	20

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.8 Desenvolvéronse pautas sistemáticas na elaboración de textos escritos que permiten a valoración das aprendizaxes desenvolvidas e a reformulación das necesidades de aprendizaxe para mellorar a comunicación escrita	<ul style="list-style-type: none"> OU.4 - Análise de producións de textos. 	S	10
CA2.9 Seguíronse pautas de presentación de traballos escritos tendo en conta o contido, o formato e o público destinatario, utilizando un vocabulario adecuado ao contexto	<ul style="list-style-type: none"> OU.5 - Análise dos traballos realizados. 	S	10
CA2.10 Resolvéronse actividades de comprensión e análise das estruturas gramaticais e comprobouse a validez das inferencias realizadas	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Ficha de traballo de comprensión e análise de estruturas gramaticais. 	S	5
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Tipos de textos. Características de textos de propios da vida cotiá e profesional.</p> <p>Estratexias de lectura: elementos textuais.</p> <p>Estratexias básicas no proceso de composición escrita.</p> <p>Presentación de textos escritos en distintos soportes. Aplicación das normas gramaticais e ortográficas en lingua castelá e en lingua galega.</p> <p>Textos escritos. Principais conectores textuais en lingua castelá e en lingua galega. Aspectos básicos das formas verbais nos textos, con especial atención ás perífrases verbais, á concordancia e a coherencia temporal e modal. Funcións substantiva, adxectiva e adverbial do verbo. Sintaxe (enunciado, frase e oración; suxeito e predicado; complemento directo, Léxico específico da familia profesional do título.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Utilizar estratexias comunicativas para interpretar información escrita en lingua galega e castelá. - Traballaranse estratexias para a comprensión de distintos tipos de textos	<ul style="list-style-type: none"> Explicar técnicas de lectura fluída e estratexias para a comprensión de información escrita: técnicas de subliñado, resumo, esquema, estrutura dos textos e técnicas de reinterpretación de contidos... Realizar varios modelos previos ao traballo do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> Práctica de comprensión de textos escritos: cuestións tipo test ou de resposta curta sobre contidos un texto académico, dos medios de comunicación ou da vida cotiá. Práctica de resumos, esquemas, estrutura de textos, niveis de lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> Resumos, esquemas, análise da estrutura dun texto escrito, niveis de lingua empregados. resposta a cuestionarios sobre o contido global ou contidos específicos dun texto. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos, fotocopias, pizarra ou ordenador con canón e pantalla. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Ficha de traballo de aula sobre categorías gramaticais OU.1 - Análise de producións textuais OU.2 - Análise da produción de textos da vida cotiá. PE.1 - Resumos e esquemas numéricos de textos. TO.1 - Lista de comprobación sobre uso das normas lingüísticas e eliminación de mensaxes discriminatorias na comunicación oral. TO.2 - Lista de comprobación sobre uso de ferramentas para a comprensión de texto escrito. TO.3 - Lista de comprobación so uso de estratexias de lectura comprensiva 	15,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Utilizar estratexias para comunicar información escrita en lingua galega e castelá. - Analizaranse as características principais dos tipos de textos escritos en relación coa súa idoneidade para o traballo que se desexe realizar e en función da súa finalidade.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as características principais de textos de distinta tipoloxía: descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos. 	<ul style="list-style-type: none"> Producir nas dúas linguas, en formato papel ou dixital, os distintos tipos de textos vistos con adecuación, coherencia, cohesión, boa presentación e respecto polas regras gramaticais e ortográficas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Producións dos distintos tipos de textos vistos. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos, caderno do alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Análise de producións textuais OU.3 - Análise de producións de textos. OU.4 - Análise de producións de textos. OU.5 - Análise dos traballos realizados. TO.4 - Ficha de traballo de comprensión e análise de estruturas gramaticais. 	20,0
TOTAL						35,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A formación das linguas galega e castelá.	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Coñece a formación da lingua galega e da lingua castelá e as distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, así como os fenómenos de contacto de linguas, sendo consciente da necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX	1	Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega e as súas etapas desde os seus inicios ata o século XX	4,0
2.1 Valoración do plurilingüismo como expresión de riqueza cultural da humanidade. 2.2 Análise da situación sociolingüística de Galicia. Valoración da lingua como sinal de identidade dun pobo. 2.3 Adopción de actitudes positivas cara á normalización do galego e rexeitamento dos prexuízos lingüísticos.	2	O fenómeno de contacto entre linguas: conceptos de sociolingüística.	6,0
TOTAL			10

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Analizáronse as características de formación da lingua galega e da lingua castelá	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario con características da formación de cada lingua para identificar a cal pertence. 	S	25
CA5.2 Identificáronse as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega e da lingua castelá anterior ao século XX	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Traballo en grupos sobre a historia social do galego e do castelán, relacionándoo cos coñecementos adquiridos nas UD de Sociedade. 	S	25
CA5.3 Analizáronse os fenómenos de contacto de linguas, atendendo a situacións de bilingüismo, diglosia, interferencias e o conflito lingüístico	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario de comprobación da comprensión e coñecemento dos conceptos de sociolingüística. 	S	25
CA5.4 Valorouse a necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo, rexeitando os prexuízos lingüísticos	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Traballo de investigación e posterior debate sobre a situación da lingua galega. 	S	25
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
A formación da lingua galega e da lingua castelá.
Características das etapas da historia social da lingua galega e da lingua castelá ata o século XIX.
Análise dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico e interferencias).
Adopción de actitudes positivas cara á normalización da lingua galega e coñecemento do proceso.
Valoración do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

Contidos

Crítica dos prexuízos lingüísticos.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega e as súas etapas desde os seus inicios ata o século XX - Explicarase a formación da lingua galega e as etapas da súa historia social	<ul style="list-style-type: none"> Explicar a formación da lingua galega e castelá e as características das etapas sociais de ambas linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefa de avaliación: cuestionario sobre características da formación de cada lingua Por parellas, traballo sobre as etapas da historia social das linguas analizando as distintas situacións que vive cada unha delas nas diversas etapas e as causas e consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> solucionario do cuestionario sobre formación das linguas e traballo sobre as súas etapas. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos, ordenadores. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Traballo en grupos sobre a historia social do galego e do castelán, relacionándoo cos coñecementos adquiridos nas UD de Sociedade. PE.1 - Cuestionario con características da formación de cada lingua para identificar a cal pertence. 	4,0
O fenómeno de contacto entre linguas: conceptos de sociolingüística. - Explicarase a situación de contacto entre linguas que se dá en Galicia e os conceptos de bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico...	<ul style="list-style-type: none"> Explicación de conceptos de sociolingüística: bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, normativización, normalización. 	<ul style="list-style-type: none"> Respostar un cuestionario de comprensión dos conceptos vistos. Debate sobre a situación do galego na actualidade: necesidade de normalizalo. 	<ul style="list-style-type: none"> Solucionario do cuestionario de sociolingüística. Reflexión a través do debate sobre o valor do plurilingüismo, a lingua como sinal de identidade dun pobo, a necesidade de normalizar o uso do galego, os prexuízos existentes contra o galego e a necesidade de rexestalos. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos, ordenador, canón e pantalla. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Traballo de investigación e posterior debate sobre a situación da lingua galega. PE.2 - Cuestionario de comprobación da comprensión e coñecemento dos conceptos de sociolingüística. 	6,0
TOTAL						10,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A literatura castelá ata o século XIX.	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo	NO
RA3 - Realiza a lectura de textos literarios representativos da literatura castelá anteriores ao século XIX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as distintas etapas e o contexto histórico de cada unha.	1	Etapas da literatura castelá ata o século XIX.	2,0
2.1 A poesía épica: lectura e comprensión de fragmentos de Cantar de mio Cid. 2.2 A prosa narrativa: lectura dalgún conto de El conde Lucanor, de don Juan Manuel.	2	A literatura castelá na Idade Media	4,0
3.1 A poesía de Jorge Manrique: Coplas a la muerte de su padre. 3.2 Lectura e comprensión de fragmentos de La Celestina. Opinión persoal razoada sobre os amores trágicos entre os protagonistas.	3	A literatura castelá no Prerrenacemento	4,0
4.1 A novela picaresca: lectura de fragmentos de El Lazarillo. 4.2 Achegamento á figura de Cervantes. Lectura de fragmentos de El Quijote. 4.3 O teatro no século XVII: Lope de Vega.	4	A literatura castelá no Século de Ouro	10,0
TOTAL			20

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.9 Seguironse pautas de presentación de traballos escritos tendo en conta o contido, o formato e o público destinatario, utilizando un vocabulario adecuado ao contexto	● OU.1 - Todos os traballos do curso.	S	15
CA2.10 Resolvéronse actividades de comprensión e análise das estruturas gramaticais e comprobouse a validez das inferencias realizadas	● TO.1 - Ficha de traballo de comprensión e análise de estruturas gramaticais.	S	10
CA3.1 Contrastáronse as etapas de evolución da literatura en lingua castelá no período considerado e recoñecéronse as obras máis representativas	● PE.1 - Preguntas de resposta extensa	S	20
CA3.2 Valorouse a estrutura e o uso da linguaxe na lectura persoal dunha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información	● PE.2 - Cuestionario sobre os fragmentos lidos de obras literarias.	S	10
CA3.3 Expresáronse opinións persoais razoadas sobre os aspectos máis e menos apreciados dunha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais	● PE.3 - Elaboración dun texto argumentativo dando a opinión persoal sobre aspectos dunha obra.	S	10
CA3.4 Aplicáronse estratexias para a comprensión de textos literarios, tendo en conta os temas e os motivos básicos	● TO.2 - Ficha de traballo de comprensión lectora.	S	10
CA3.5 Presentouse información sobre períodos, autores/as e obras da literatura en lingua castelá a partir de textos literarios	● PE.4 - Preguntas de resposta extensa sobre períodos, autores e obras da literatura castelá.	S	25

TOTAL

100

4.4.e) Contidos

Contidos
Estratexias de lectura: elementos textuais.
Estratexias básicas no proceso de composición escrita.
Presentación de textos escritos en distintos soportes. Aplicación das normas gramaticais e ortográficas en lingua castelá e en lingua galega.
Pautas para a lectura de fragmentos literarios.
Instrumentos para a recollida de información da lectura dunha obra literaria.
Características estilísticas e temáticas da literatura en lingua castelá a partir da Idade Media e ata o século XVIII.
Narrativa: temas e estilos recorrentes segundo a época literaria.
Poesía: temas e estilos recorrentes segundo a época literaria. Interpretación.
Teatro: temas e estilos segundo a época literaria.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Etapas da literatura castelá ata o século XIX. - Expoñeranse as distintas etapas da literatura castelá e as características áis salientables de cada unha para logo ir etapa a etapa.	<ul style="list-style-type: none"> Expoñer as etapas da literatura castelá ata o século XIX, as características máis salientables de cada unha e o contexto histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar un esquema no que se recollan as etapas, contexto histórico de cada unha e características. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema das etapas da literatura castelá. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos, fotocopias, caderno do alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Preguntas de resposta extensa PE.4 - Preguntas de resposta extensa sobre períodos, autores e obras da literatura castelá. 	2,0
A literatura castelá na Idade Media - Expoñeranse os autores e obras máis salientables nos distintos xéneros.	<ul style="list-style-type: none"> Expoñeranse os autores e obras máis salientables da literatura castelá da Idade Media nos distintos xéneros. 	<ul style="list-style-type: none"> Lectura e comprensión de fragmentos do Cantar de mio Cid. Lectura dalgún conto de El conde Lucanor relacionando oralmente o seu contido coas propias experiencias vitais. Breve traballo dun folio sobre a obra teatral máis antiga en castelán: Auto de los Reyes Magos. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha de comprensión lectora dos fragmentos do Poema de mio Cid. Traballo sobre o Auto de los Reyes Magos. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos, ordenador, libros adaptados das obras literarias traballadas. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Todos os traballos do curso. PE.2 - Cuestionario sobre os fragmentos lidos de obras literarias. PE.3 - Elaboración dun texto argumentativo dando a opinión persoal sobre aspectos dunha obra. PE.4 - Preguntas de resposta extensa sobre períodos, autores e obras da literatura castelá. TO.1 - Ficha de traballo de comprensión e análise de estruturas gramaticais. TO.2 - Ficha de traballo de comprensión lectora. 	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A literatura castelá no Prerrenacemento - Expoñeranse os autores e obras máis salientables nos distintos xéneros.	<ul style="list-style-type: none"> Expoñeranse os autores e obras máis salientables da literatura castelá do Renacemento nos distintos xéneros. 	<ul style="list-style-type: none"> Lectura e comprensión dalgunha das Coplas a la muerte de su padre, de Jorge Manrique. Lectura de fragmentos de La celestina, e opinión persoal sobre os amores tráxicos dos protagonistas. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha de comprensión das Coplas. Coñecemento do argumento e opinión persoal sobre os amores tráxicos dos protagonistas de La Celestina. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos, ordenadores, adaptacións das obras literarias citadas. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario sobre os fragmentos lidos de obras literarias. PE.3 - Elaboración dun texto argumentativo dando a opinión persoal sobre aspectos dunha obra. PE.4 - Preguntas de resposta extensa sobre períodos, autores e obras da literatura castelá. TO.2 - Ficha de traballo de comprensión lectora. 	4,0
A literatura castelá no Século de Ouro - Expoñeranse os autores e obras máis salientables nos distintos xéneros. O alumnado fará un pequeno traballo de investigación sobre algún autor do século de Ouro.	<ul style="list-style-type: none"> Expoñeranse os autores e obras máis salientables nos distintos xéneros. 	<ul style="list-style-type: none"> Lectura de fragmentos do Lazarillo de Tormes e opinión persoal sobre a figura do pícaro. Lectura de fragmentos de El Quijote. Traballo individual sobre algún dos autores destacados da época e exposición na aula: Cervantes, Quevedo, Góngora, Lope de Vega, Calderón de la Barca... Tamén algún ilustrado. Tarefa de avaliación: proba escrita sobre períodos, autores e obras máis importantes da literatura castelá. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo de investigación sobre un autor e exposición na clase. Fichas de lectura das obras citadas. Solucionario da proba escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos, ordenadores, adaptacións dos libros traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Todos os traballos do curso. PE.2 - Cuestionario sobre os fragmentos lidos de obras literarias. PE.3 - Elaboración dun texto argumentativo dando a opinión persoal sobre aspectos dunha obra. PE.4 - Preguntas de resposta extensa sobre períodos, autores e obras da literatura castelá. TO.1 - Ficha de traballo de comprensión e análise de estruturas gramaticais. TO.2 - Ficha de traballo de comprensión lectora. 	10,0
TOTAL						20,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A literatura galega ata o século XIX.	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo	NO
RA4 - Realiza a lectura de textos literarios representativos da literatura en lingua galega anteriores ao século XX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Contexto histórico.	1	Etapas da literatura galega ata o século XIX.	1,0
2.1 As cantigas de amigo, amor e escarnio. Lectura de textos representativos e breves comentarios guiados. 2.2 Trobadores, xogares, segreis, soldadeiras. 2.3 As cantigas de Santa María e a prosa medieval.	2	A literatura galega medieval	8,0
3.1 Lectura dalgún texto. 3.2 Os ilustrados.	3	A literatura galega nos Séculos Escuros.	2,0
4.1 Achegamento á figura de Rosalía de Castro. Lectura de poemas de Cantares gallegos e de Follas novas. 4.2 A poesía de Curros Enríquez. Lectura de poemas de Aires da miña terra. 4.3 Coñecer o mundo poético de Eduardo Pondal. Lectura de poemas representativos como o himno galego.	4	A literatura galega no século XIX	9,0
TOTAL			20

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.9 Seguíronse pautas de presentación de traballos escritos tendo en conta o contido, o formato e o público destinatario, utilizando un vocabulario adecuado ao contexto	• OU.1 - Todos os traballos do curso.	S	15
CA2.10 Resolvéronse actividades de comprensión e análise das estruturas gramaticais e comprobouse a validez das inferencias realizadas	• TO.1 - Ficha de traballo de comprensión e análise de estruturas gramaticais.	S	10
CA4.1 Contrastáronse as etapas de evolución da literatura en lingua galega no período considerado e recoñecéronse as obras máis representativas	• PE.1 - Preguntas de resposta extensa	S	20
